

A cantora María Xosé Silvar, “Sés”, gaña o Premio Leixaprén 2014

O Premio Leixaprén, de recoñecemento á defensa e promoción da lingua galega, centrouse nesta edición de 2014 en catro persoeiros públicos que por diversos motivos resultan recoñecidos e influíntes hoxe en día na conformación de modelos de comportamento social, nomeadamente entre a mocidade.

A cantora María Xosé Silvar, coñecida como “Ses”, autora que con só dous discos xa é recoñecida como a grande innovación artística da música galega, resultou ser a máis votada polos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística dos centros de ensino polo uso cotián e a defensa e promoción que fai da lingua galega.

O adestrador do Deportivo da Coruña, Fernando Vázquez, a moza madrileña Esther García del Barrio e a actriz María Mera completaron o elenco de candidaturas propostas polo comité de selección do Premio Leixaprén.

Durante o presente curso, a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (ENDL) coordinou por terceiro ano o histórico Premio Leixaprén, que se vén organizando desde 1999 co obxectivo de premiar, desde o ensino, a persoas, entidades ou institucións que se caracterizan polo uso normalizado da lingua galega.

A principios deste curso escolar, creouse un comité de selección para que presentase candidaturas caracterizadas por unha defensa activa da lingua galega e que tivesen unha especial incidencia social, ben pola súa continuidade e eficacia ao longo do tempo, ben pola exploración de novas vías para a normalización do idioma. Desta maneira, considerando a necesidade de referentes exitosos na súa actividade ordinaria para a autoestima lingüística que precisa a sociedade, tanto individual como colectivamente, e nomeadamente a mocidade, o comité de selección propuxo as candidaturas de Ses, Fernando Vázquez, Esther del Río e María Mera.

O xurado do premio estivo formado polos docentes e alumnos/as dos Equipos de Normalización Lingüística dos centros de ensino adscritos á CGENDL, que durante un mes puideron exercer o seu dereito a voto. Tras o recuento, a cantora María Xosé Silvar, “Sés”, foi a gañadora. Os membros dos ENDL que votaron destacaron que Sés utiliza o galego na súa carreira artística como ferramenta instrumental, ao igual que o fai perante os medios de comunicación, charlas e manifestacións públicas, e ten defendido desde os palcos nos que actúa o valor e importancia do uso da nosa lingua.

A entrega do galardón será feita o venres 20 de xuño de 2014 ás 13 horas no IES Félix Muriel de Rianxo, que este ano acolle o acto de entrega e onde estará presente alumnado e profesorado dese centro e doutros da comarca do Barbanza. Será precisamente o alumnado quen fará entrega dunha obra do pintor Álvaro Negro á galardoada.

Desde a CGENDL queremoslle dar os parabéns públicos a todas as persoas propostas para o premio e tamén a todos e todas aquelas personalidades públicas que, malia aos prexuízos e a desprotección social que da nosa lingua se está a practicar desde os poderes autonómico e estatal, manteñen a dignidade de empregar a lingua propia dos galegos e galegas.